



CR 07/12/2016

**CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE.**

Ourense, 29/12/2016

**REUNIDOS:**

Dunha parte, D. José Mario Guede Fernández, presidente do Consello Municipal de Deportes de Ourense, asistido do Secretario do Consello Municipal de Deportes, D. José Manuel da-Cunha Babarro fedatario do acto, no nome e representación do Consello Municipal de Deportes;

Doutra parte, D Alfredo Calderón López, titular do DNI 32763403H, no nome e representación da mercantil VALORIZA FACILITIES S.A., con CIF A83709873, representación acreditada por poder bastante; con plena capacidade para contratar sen concorrer causa algunha de incompatibilidade e incapacidade que determinan as disposicións vixentes nesta materia.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e DIN:

**ANTECEDENTES:**

I. Autorización para a celebración do contrato e adxudicación definitiva

Por resolución do Consello Reitor de data 26/06/2016, aprobáronse os Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen o concurso e posterior contrato para outorgar a contratación do servizo de limpeza de instalacións dependentes do Consello Municipal de Deportes de Ourense, aprobando, así mesmo, o gasto para tal fin nas partidas do orzamento vixente.

O Consello Reitor, a proposta de Mesa de Contratación do concurso, ditou a resolución de data 7 de Decembro de 2016 que adxudicou definitivamente o contrato e di:

**Primeiro.- Adxudicar o contrato do servizo do servizo de limpeza de instalacións Deportivas do Consello Municipal de Deportes, á empresa Valoriza Facilities S.A, con CIF A83709873 , por ser a súa oferta a mais vantaxosa o ofertar unha proposta con unha baixa do 6,66 % sobre os precios de licitación o que importa un prezo por hora de 12,86 € excluído IVE**

**Segundo.- Requirir á adxudicatario para a formalización do contrato no prazo máximo dos 15 días seguintes á comunicación, e autorizar ao Presidente do Consello para a súa formalización.**

**Terceiro.- Publicar na web do contratante a adxudicación do contrato e notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo.**

Consta no expediente a presentación, dentro do prazo legal, da documentación requirida.

II. Garantía

Conforme a carta de pagamento 201600006082, o adxudicatario constituíu a garantía definitiva pola contía de 11900,84 €, que non se devolverá ou cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou resolto este sen culpa do adxudicatario.

E convindo a ambas partes, en calidade de adxudicante e adxudicatario, o presente contrato de servizo, formalízano neste documento administrativo conforme as seguintes

**CLÁUSULAS:**

**Primeira.-** Valoriza Facilities S.A, adxudicatario do contrato de servizo, obrígase á execución da limpeza das instalacións dependentes do Consello Municipal de Deportes de Ourense, con suxeición ao contido do prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas que, figurando no expediente administrativo, se incorporan ao presente contrato, aceptándoos incondicionalmente e sen reserva algunha. Igualmente se obriga ás melloras comprometidas e que figuran na súa oferta de licitación da que trae a súa causa o presente contrato.

**Segunda.-** O prezo do contrato, será de 12,86 € hora sen IVE, que serán aboadas en pagamentos mensuais previa presentación da correspondente factura por mensualidades vencidas, acreditando





previamente a prestación do servizo contratado e na forma establecida nos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas.

**Terceira.-** O contrato terá unha duración de dous anos, comezando a rexer o día 1 de Febreiro de 2017, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso das partes, por períodos anuais, de dous anos mais, e sen que a duración máxima do contrato poida exceder de catro anos, incluída a prórroga. Ao comenzo do contrato asinarase unha acta de inicio do comenzo da actividade entre as partes.

**Cuarta.-** A falta de cumprimento, por parte do adxudicatario, de calquera das bases da licitación ou do presente contrato, facultará ao adxudicante para rescindir este, previo aviso de quince días.

**Quinta.-** Este contrato ten natureza administrativa, gozando polo tanto a Administración, das prerrogativas e privilexios que determina a a lexislación vixente. As cuestións litixiosas serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

**Sexta.-** O presente contrato poderá ser elevado a escritura pública a instancia do adxudicatario, correndo este cos gastos derivados do seu outorgamento.

**Sétima.-** No non previsto no presente contrato estarase ao disposto na Lei RDLVO 3/2011 do 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público e demais normas complementarias, e subsidiariamente no disposto no Código Civil.

Para a debida constancia de todo o convido, asinan este contrato por triplicado exemplar no lugar e data que constan no encabezamento, perante min, o Secretario, que dou fe

O Presidente CMD

Valoriza Facilities S.A

O Secretario.